




SEMANA DAS LLETTRAS ASTURIANAS 2016

QUE NUN
SE PERDA
NEL AIRE




MICRORRELATOS





SEMANA DAS LLETTRAS ASTURIANAS 2016

QUE NUN
SE PERDA
NEL AIRE





Esta obra, editada pra festexar el *Día del Llibro Asturiano*
(6 de mayo del 2016), é de distribución gratuita.
Nun ta permitida a súa venta.

© **Dos textos:** os sos autores

Edita: Gobierno del Principao d'Asturias :: Conseyeiría d'Educación y Cultura

Xestión editorial: Ediciones Trabe / www.trabe.org

Diseño y maquetación: Ediciones Trabe

Imprime: Asturgraf

Depósito legal: AS-01124-2016

QUE NUN SE PERDA NEL AIRE

A frase *Que nun se perda nel aire* é el título xenérico d'esta colección de relatos curtios pra festexar el Día del Llibro Asturiano d'enguano. Despóis de ller úas palabras tan suxerentes nun día como este, nacido pra llevar á sociedá asturiana a creación lliteraria en asturiano y gallego-asturiano, quizabes muitos pensarán na imaxe d'úa llingua que se perde, d'úas palabras que pode que xa nun se vayan pronunciar máis. Nun buscábamos eso. Al revés: a invitación a escribir buscaba precisamente dar voz, dar vida, á lliteratura y á propia llingua.

Estos relatos queren ser el señal máis claro da voluntá de supervivencia d'un idioma: os nosos escritores, homes y muyeres, máis veyos ou máis novos, creando lliteratura na llingua de noso y brindándoya a os llectores pra que d'ese xeito podan disfrutar das súas creacióis, dando folgos a cada palabra, a cada conto, al abrir as páxinas d'este llibro.

A condición pra participar era nun pasar das duascenas palabras y nun vou ser eu quen rompa as normas. Como falante, quédanme as palabras xustas pra sumarme a esa voluntá de supervivencia del meu idioma y, como responsable político, pra garantir el meu compromiso personal con él.

GENARO ALONSO MEGIDO

Conseyeiro d'Educación y Cultura





ALEJANDRO ANTÚÑEZ VÁZQUEZ

Navia, 1933

SOÑANDO EL SOL NEL ESCURECIDO DE LA NOITE

You aférrome a la vida como el mofo a la llouxa, aunque me coste trabayo rozar el camín. Teño el don de la memoria, qu'è igual que condo chove: úa bendición, como si fora alimento del alma. Mui-tos amigóis fun perdendo nel camín, pero, d'algúa manera, téñolos vivos nel recordo. Somos y vivimos como el carbayo veyo y noble que vei perdendo las ramas a mercé del vento, pero sigue erguido y altaneiro. Nun é un bon pueblo el que nun ten memoria, porque lo qu'è bon queda escrito nel corazón. Desde esta palabra escrita, quiero deixar constancia de los encantos de la terra que me veu nacer. Defendo la xusticia social y lluito pol reconocimiento al llabor de muitas personas búas, y procuro conservar y divulgar el acervo cultural de la nosa terra maraviyosa. Nun me gustaría qu'el aire esparcise, absurdamente, los meus llaboriosos pregos, y pídoye al vento que m'acarie con un saludo matinal aterciopelao y que propague la música de los meus versos na infinitú del tempo. Un pueblo ta vivo mentras alguén escriba un verso.



JOSÉ MARÍA BEDIA

As Figueiras, Castropol, 1933

DIVERSIÓIS D'ANTES

Vou contarvos úa historia de condo eu era pequeno, que nun había medios de diversión como agora. Nesa historia hai dous personaxes: ún, Antón d'Alonsa, un ferreiro; outro, don Luis Canel, un abogado. Este señor fía un paseo diario hasta a capiya da Talaya, nas Figueiras. Pasaba forzosamene fronte a fraugua d'Antón. Á volta, abríaye a porta da fragua y dicíay: «Adiós, Antón». Aquello fastidiaba muito al ferreiro, porque taba acalorao y aquela corrente d'aire frío abrasábalo.

Cansóu de dicirye a don Luis que nun ye deixase a porta aberta, pro este nun ye fía caso. Úa tarde esperóulo Antón con un ferro roxo encima da pechadura, hasta qu'ouguúu os pasos de don Luis.

Chegóu don Luis como sempre y, mentres dicía «Adiós, Antón», botóuye mao al picaporte y deixóu allí el peleyo. Abríu Antón a porta y díxoye con muita sorna: «Pos ¿nun pasa hoi, don Luis?».

Don Luis nun entróu, pro nun escarmentóu, porque, despós de curar a queimadura, volvéu a deixarye a porta aberta. Pro, antes de botarye a mao, cuspiá nel picaporte a ver se fervía.

Se fora hoi, iba preso, pro entoncos tomábanlo a risa os dous.



LUISA MÉNDEZ FERNÁNDEZ

Valdepare, El Franco, 1938

ILUSIÓN ASGAYA

Nunca penséi verme llonxe dos meus, del llugar unde todos nos conocemos, falamos del noso, del pouco trabayo prá xente nova.

Preparéime en secretariaio, nun quería ser úa carga pra os meus padres. Ellos nin m'escuitaban, nun estorbaba miga. Comentábase que nun quedaba outra qu'emigrar. Y hasta pode qu'encontrara daqué del meu oficio. Nun se me daban mal outras llinguas: inglés y dalgo d'alemán.

Á primeira oportunidade, decidínme. ¿Qué podía perder se nun tía nada? Y si necesidá de ter dalgún cuarto, falar outras llinguas y empezar con outras culturas.

Ilusión tía asgaya condo me salíu trabayar nun banco; eso si, pra llimpar. Nun tía con quén falar, anque fora del tempo, se paríu a Pinta o el outono medra abondo. Tal parecía qu'el aire quedara atazao nel gorgoleiro.

Aforréi un pouquín pral viaxe de volta. Xa se sabe que llimpar a merda d'outros nun dá pra gran cousa.

Meus padres recibíronme cos brazos abertos. Al pouco, chamáronme us rapaces que dicían ser emprendedores, preparaban xente nova que quería abrirse camín. Pra empezar serían poucas horas...

Respiréi fondo. Al cabo, as palabras nun iban quedar atazadas nel gorgoleiro, nin se perdían por esos mundos, qu'é como perderse nel aire.



FÉLIX FERREIRO

Vilalba, Lugo, 1941

PRÓRROGA

Son eu, doctor, atópome ben; pro nun sei qué fai movendo d'ese xeito a foya da analítica; usté ta buscando palabras que nun quer dicilas... Si, eso de que ten malas noticias, carcinomas, qu'hai que cortar y ver resultaos, cua metástasis, qu'hai qu'operar apresa... Pro eu teño que diciyre que faga el que quera, qu'eu nun podoo morrer, y nun é que nun poda, é que m'é imposible... Nun me repita eso da metástasis, qu'eu nun podoo morrer por muitas razóns: que nun tou cansao de vivir, qu'el meu fiyín y a mía muyer necesítanme... ¿É qu'usté nun ten poder sobre a morte? Ten, ten, nun m'engañe. Pro ¿pode entender qué van fer os meus sin min? Esto nun é egoísmo; egoísmo foi condo conocín a mía muyer, queréndonos cada día máis, y fer el nenín que tuvemos condo eu era veyo... ¿Qué me diz, qu'hai qu'operar y esperar el resultaoo...? Y, no pior, ¿qué vai fer a mía xente condo boten úa oyuada al portón da casa y nun sintan os meus chuchos? Non, doctor, faga un esforzo:

—¿Cónto pode ser a prórroga da mía vida pola imposibilidá de morrer desta?

—Tu vive y cala.



ALFREDO ÁLVAREZ DE PONTICELLA

Ponticella, Villayón, 1948

A PROPOSTA

De condo neno quedáraye *Inxorias* y *Páxaros na molleira*, arcuños que lo amolaban y puían allouriao.

Pol Campogrande, camín del escano, baxaba amecendo anos y recordos: a fogaza recién, inda caliente, encetada. ¿Quién ye mellaría a navaya del trinque de cachas de xardón? El adobo, a torta de rinchos, el cañolo cereixas, as... ¡Lo que chove na casa dos probes col mofo y col fumo nel puro llouxao!

Xa detrás del abril, «¡Señorías: deixo el asunto del Barruzo y del Arco da Nova y propoño que se vote primeiro a del Grao de Novo Paisano de Monte, de Veigas y Hortos». (Dellos farfuyaron «¡Inxorii... as!»). Outros chufaban a tresversalidad y el uso de drones escontra el intrusismo).

»¡Si queremos manter llugares, soutos, pontes... hai que deixase de paxaróis del Tuitter y mudase de lo veyo a lo novo. Apostar pol Novo Paisano: de xixa asgaya, bon éxito y visióis de futuro pa chegar a Paisanos del ano!

»Hai mester d'un Plan Acelerado con un mínimo de créditos. Os paisanos selfiadores-enrutadores velarán pollas caleyas y somas qu'a naide lo pase un mal aire.

»¡Señor conseyeiro: nin aventalla como poxa nin perdella nel tempo ou nel aire como el floxisto y os sueños!



AURORA GARCÍA RIVAS

A Antigua, San Tiso d'Abres, 1948

O ECO DO REGO DA PENA

Na Antigua, unha aldea de San Tiso d'Abres, hai un rego ó pé d'unhas penas, camín de Solmayor, que se chama O Rego da Pena. No brao, baixaba o rego cantarín e limpo como unha xoya. Meu irmao Alberto y eu, cando éramos pequenos, íbamos pr'aló mentres nosos pais e nosa abola facían a sesta.

Tentábamos d'atopar o misterio polo que cando falábamos parecía qu'ó facíamos dúas veces: nun era tal. Era o eco, contóunos nosa abola ó mesmo tempo que nos dicía: «As vosas palabras gárdanas as penas e sóltanas á noite pra chamar ás bruxas. Tede cuidado, nun sea que garden as vosas pró mesmo e vos leven con elas». Era ún d'eses contos de medo que nos protexían dos peligros.

Xa son vella. Aínda vou por alí algunha vez y escuito o eco por se podo facerme outra vez coa nosa nenez. Pro non; o eco xa nun soa. O vento levóu a nosa nenez y as nosas palabras como o vento levará a nosa fala camín do esquencemento. Quedará d'ela namáis qu'ó eco dos poetas.



MANUEL CALVÍN CORREDOIRA

Pardiñas de Riba, Taramundi, 1950

A ÚLTIMA MISA

Nicolasa era ermá de meu abolo e, polo tanto, tía de meu padre. Un domingo como tantos, Nicolasa foi a misa. Ó volver, o sobriñ Ramón, que tiña unhos nove anos, díxolle que fixera ben, pois fora a súa última misa, xa qu'iba morrer ó outro día. Nicolasa pasou aquel domingo chorando e dicindo: «¡Vou morrer, este neno acerta todo o que dice». Y así foi. O lúis marchouse lavar a roupa ó rego e xa houbo que traguela sin fala prá casa. Morréu en pouco máis d'unha hora.

Setenta anos máis tarde, o día de Venres Santo, Ramón foi a misa (nun perdía ningunha). Cando volvía, paróuse en Pardiñas de Baixo a falar cos veciños y ocurriúselle dicir que fora a súa última misa. Tamén acertou. Ó pasar Cancelos de Baixo, morréu ó pé d'un carballo.



MARÍA TERESA LÓPEZ GARCÍA

Bual, 1950

EL FIN

Díxome que s'acababa el mundo. Sentéime a esperar.



JOSÉ MANUEL GAYOL SUÁREZ,
BABEL DE CAL CADETE

Ortigueira, Cuaña, 1955

TODO QUEDA NEL AUGUA

Canta el merbo. Barruza, chove a concadas, neva... El augua crara da fonte das Xanas sigue arrechando ilusióis que nos fain esquecer a sede. Surden as poceiras pra que rebinquen os cucharíos y zapiquen os páxaros; mentras, os rapacíos proban as madroñas hasta anagarse. Nace el regueiro, medra, vólvese regato y despós el poble das truitas faise río, y alluma llóndrigas que chumbian nas auguas dos lloufíos de Poseidón, unde soñan os marineiros.

Augua, que moya y rega, qu'enchumaza as terras que paren frutos verdes, roxos, marellos..., como si el Arco da Veya pousara nel terrén y despós s'erguera entre un feixe de canas.

Augua, qu'ule a salitre na porta de casa, y llonxe, nel mesmo horizonte. Augua del llar dos pexes y del ouca, que maya nos ombayos y nas brexas. Mansa, froxa, casi toyida, pra saliar y arrollarse mirando al célo cua poutada posta.

Augua de riada, que desfái as ribeiras a broscadas y las enche de carrochos. Augua qu'afoga.

Augua xótiga, qu'esbatuxa el Home Marín, qu'enturria espumando os penedos y esgazando as arrabuyadas, que pon a pique os barcos y desfái as casaradas.

Auguas dulces, saladas. Todo queda nel augua.



BENXAMÍN MÉNDEZ

Cartavio, Cuaña, 1957

BRAMIDOS

D' estampida, dende as llombas hasta os regatos, esquivando os praos, entrando en dalgúa casa, empuxadas pol vento sur al acabo d'un outono llargo, seco y calente, as queimas chegaban dende a serra á ribeira del mar. Despós d'ún día nel qu'a xente lluitara y penara, á noitequía, mirando as llapas, ouguindo os árboles quebrándose, vendo os enxames de mochicas estendendo el fougo que xa rellampraba nel mar, dalgúen sentao núa cancella nel escuro aparecíase a Nerón, mentras dalgún Mr. Burns ben sei que botaba contas... ¡Que nun se perdan nel aire os bramidos del Busgoso!



RAFAEL CASCUDO NOCEDA

El Viso, Tapia, 1958

ESCONDITE

—¿QUÉ pasóu? ¿Qué choras, Nico?
—Nun ta Coco, bolito —Coco é ún dos tres peluches preferidos de Nico, un neno de dous anos. Coco asomeña a un cocodrilo averdosao pol que sinte predilección. Inseparable xunto a Trasnó y Colobró.

—NUN te poñas asina. Foi el Busgoso, seguro —Bolito cuntóuye que, condo desaparece daqué, é culpa del Busgoso.

—SE fose él, habían sabelo *Trano y Obrón*. Sempre tán xuntos —argumenta Nico.

—PERDA quen se perda, han sabelo os outros peluches y nun dicen nada. ¿Ha tar escondido?

A Nico préstaye esconderse en cualquier recanto da casa. Empeza: «¡Cucú! ¿Nun ta Nico bebé?». Y bolita chámalo y búscalo fendo que nun lo ve.

NEL xogo hai muita imaxinación. Bolita desgáñitase, pergúntayes a os peluches:

—¿Únde ta Nico? ¿Únde lo tedes metido? —y busca que te busca...

—¡AIRE, solo atopo aire! —dice bolita. El neno quédase paradín, sin pestañar—. ¿Coco?, ¿Nico?, ¿únde tades? —y busca...

—¡Nico ta aquí! —y aparece el neno—. ¿Y Coco? —pregunta bolita.

Coco ta escondido na caixa dos animales. Y Nico baleira a caixa y aparece Coco... ¡Ufff!

Todos os días hai escondite na casa de Nico. Úas veces xoga él solo y outras cos peluches.



BELÉN RICO PRIETO

A Veiga, 1959

A SAYA DEL PAN

Vía del forno e deixaba tras d'ela el olor a pan.

Deitaba formento cedo. Erguía cedo fornada.

Coa cesta de bringas á cabeza, axenegaba maos e saya libres.

Paso lixeiro chegaba al forno.

Viuda de perdedor, iba tesa na pasarela de mouro d'ida e volta, envol-
ta nel perfume del rastro del pan.

Tras a ventá, el outra usmiaba.

Ela pasaba. Deixaba el bolo que nun cobraba na porta d'aquela boca
d'angazo y envidia a cheas.

Renembábaseye a saya da súa amiga qu'atanigóu el lugar el primeiro
día que salíu coa cabeza rapada. Porque deixóu mui claro qu'á súa cintura
de *miss* solo iban abrazala as maos del que se fora coa libertá por bandeira
a un frente, lonxe da terra. Á lingua de colobra faltóuyete tempo pra ir coa
recua dar testimonio al ayuntamiento: «É roja», precisa un corte de pelo.
Asina, quen nun puido piyar cintura, contentóuse, probitín, con mechóis
mortos...

Xa taba a caridá del día feita.

Erguía outra vez, sin présa, miraba pra dentro d'aquela casa de miseria.

Y axenegaba a saya al empinar a costa.

Adrede.

Pra que nun se perdesse nel aire nin el rastro del pan nin el recordo del
outra saya.



TERESA FERNÁNDEZ MARTÍNEZ,
TERE DE CACHAFOL

Cachafol, Eilao, 1960

LUITAS

El can aguantábaye todo: que ye tirara del pelo, que lo mordera na oreya, que lo agarrara pol rabo... Sabía ben qu'el pequeno nun sabía lo que fía. Però el curro non, el curro graznaba y corría tras d'él corral arriba gafo como el demo. ¡Tanto empeño puía, qu'a forza pol cu se ye iba! Sería miyor buscaye outro campo qu'abonar, dicían os padres, y así foi como al Campo San Francisco foi a dar.

¿Y Eusebio?, preguntaba el neno. Tía seña d'outros curros, levóulo tou padre, xa te levaréi velo, respondía a madre. Però, condo foron velo, Eusebio nin s'inmutóu, nin sequera a ellos s'acercóu. ¡Esqueicéralos!

Pr'aliviar el desengaño sua madre compróuye us barquillos. ¡Eran novedá! Tamén un globo d'helio, d'esos que tein os colores tan chamadeiros.

¡Mamá, mamá, mira! El globo engalóu por encima dos árboles nun instante, xa nun houbo maneira d'agarrarye a corda, que das maos al neno se ye fora. En menos que canta un galo, desaparecéu da vista. Nun t'esmolás, meu nenín, que nun se perde nel aire, ¿nun ves cómo vei hacia el oeste? Sabe d'ónde es. Mañá, condo chegemos, ta alí, esperándote.



JOSÉ MANUEL MARTÍNEZ CASTRO

Xixón, 1962

EN ACORDANZA DE RITA

Álvaro era un neno. Durante algúns anos nun discurríu ser outra cousa y foi feliz. Lougo, un día, conocéula, xa mocía; y acabóu de xurdir, de ferse home por ela.

Foi el empezo.

Rita morréu el dous de xeneiro de mil novecentos corenta, sin ter feitos inda os vintiún anos. Álvaro contaba casarse con ela ese mesmo verao, seguro de qu'a mocedá habería trunfar por riba del mal que tía.

Escribíu un poema sin acabo, y xa nun deixóu de querela.

Pensaba el poeta en fer algo grande en acordanza de Rita; un poema que falara d'ela, espeyo unde todos poderan renembrala y así dir revivíndola pra sempre, xeneracióis enteras sin esqueicela, sin deixar de conocela.

Agora, xa veyo, Álvaro sabe qu'el propósito nun se logróu. El poema xa ta feito y nun salíu como quería; porque nun foi quén pr'atopar as palabras xustas, pra fer algo de berencia.

Dayundes han quedar Álvaro, Rita, el amor y a inmortalidá. En muitas cousas que fixeron, però non nel poema; y nese momento final da vida, el autor chora pola pérdida d'ela, sabendo qu'entre entrambos deixóu que medrara úa esgazadura máis fonda einda qu'a da morte mesma.



MARÍA JOSÉ FRAGA SUÁREZ

El Franco, 1964

ÚA VOZ SOLA

Condo espertaron descubriron el muro. Allí taba, cua verticalidá y a solidez consustanciales ás paredes que se fain pra sostar un llouxao, un cabanón, úa casa. Però rematao d'alambre, espías metálicas pensadas pra fundirse ou raxar, pra mancar, en todo caso, porque aquel muro taba allí pra separar y dividir.

Naide sabía por qué ye tocara quedar neste llao ou nel outro, naide era quén a entender a diferencia entre os oyoos que miraban aquel muro dende as dúas partes nas que quedarán partidos os afectos y a terra.

Por eso entendestes axina que tíades que fer el que puidédesdes, tu por volver prá túa casa un día, tu por furar y tirar, tu por reconquistar lo que fora de todos, conxugando xuntos el futuro pra deixar nel tineiro da memoria un presente tan imperfecto.

Y foi entoncias, naide pode dicir tampouco cómo, condo úa voz se puxo al andar d'outra, que t'envolveu tamén a ti naquel son que xurdira das gargantas, y nel aire nun houbo máis qu'úa voz, a os dous llaos d'aquel y de todos os muros, todas as llinias, todas as fronteiras.



AURORA BERMÚDEZ NAVA

A Caridá, El Franco, 1965

HISTORIA REPETIDA

A muyer trastiaba polla casa como cualquera mañá de sábado, con un oyo posto nel ordenador prendío núa esquina da sala y el ouguido atento al sonido xa familiar das chamadas de Skype...

Condo por fin lo ouguíu, berróu acelerada avisando a os demáis: —¡El neno, el neno, que chama dende alló!

Y delante da pantalla amontuouse toda a familia pra ver a Pablo, pra escuitallo, pra saber cómo ye iba úa semana máis.

En acabando a videoconferencia, Mercedes coyéu un álbum veyo del aparador y repasóulo. Paróuse en dúas páxinas distintas. Nas dúas había un retrato d'un home novo que sonría querendo agradar. Eran retratos veyos, en branco y mouro, con un pé de foto escrito a mao debaxo. Nel primeiro rezaba «Bolito, Buenos Aires-1912»; nel segundo, «Papá, Bruselas-1970».

Despós sacóu del caxón un retrato d'outro mozo que tamén sonría y pegóulo na primeira foya balleira del álbum. Era un retrato en color y escribío debaxo «Pablo, Munich-2016». Os tres homes asomeñábanse muito.

¡Qué axina esqueicemos a historia!, pensóu Mercedes, nunca deixamos de ser un país d'emigrantes, agá quixemos esqueicello. Pode que por eso a historia se repita.



XOSÉ MIGUEL SUÁREZ FERNÁNDEZ


Mántaras, Tapia, 1965

PAXARÍA DAS BERZAS

Igual qu'el caltre nel peleyo. Así quedan dalgúas palabras agarradas al acordanza. É dicillas y saben gustosas como úa mazá roubada. *Paxaría das berzas...* Vexo a mía bola, el pano na cabeza, con mía irmá al collo, féndoye festas y buscando pra ella esas voces dulces qu'heredamos. *Meu gorbicín, guapa nena, mía andulía...* Centos d'anos repetíndose, palabras de cariño, redondas y gastadas como xógaras da ribeira. *¡Ai, a mía paxaría das berzas!*

¿Pra qué quero versos d'ouro llabraos en pedras de mármore se teño agora as palabras esactas, a comparanza máis guapa da terra? El nome d'un insecto reveirego das alas d'un branco amarellao, cua súa probeza y a súa traza humilde, convertido en alaxa, col sou son meireiro qu'alloumiña namáis pronunciallo. *Paxaría das berzas.*

Esa avelía qu'engala agora nel horto, pedra preciosa chiscando charamuzas de lluz, fai qu'as túas palabras bulliguen na mañá con cada aleteo. Non, nun s'ha a perder nel aire a túa voz, bolita.



JOSÉ ANTONIO ÁLVAREZ CASTRILLÓN,
SELO GUZMÁN

Uviéu, 1966

A XELADA

Na primeira deixou de suar el mazo, y a pluma xa nun resgou el papel. Os carros pararon de rinchar e nun volvéu ouirse el malle.

As galochas foron parar al caínzo y el máis pequeno tirou a última patefa mentras as xestas cruzaban os camiós. Partes d'último, os louxados deron en caer.

Despóis, xacando, soltóuse a xelar. E nunca máis parou.

¡Quién s'acorda únde era!



ALFREDO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ,
FREDO DE CARBEXE

Carbexe, El Franco, 1967

TÉRMINOS LINGÜÍSTICOS

Diz a Historia qu'el término Edá Escura refírese al tempo da cultura grega que vei dende el acabo del mundo micénico, entre el 1200 y el 1100, hasta el época arcaica grega (siglo VIII a. C.), atribuíndose este nome á falta de fontes cuas que compoñer as realidades históricas d'ese tempo. Y diz a UNESCO qu'hoi día hai úas 6.500 llinguas nel mundo, das qu'el metá corren peligro de desaparecer, pos cada dúas semanas pérdese úa y nove de cada dez inda nun parecen en internet.

Os grupos sociales perciben a súa terra según a valía que ten pras súas vidas. As personas encaxadas núa sola cultura avezan a atopar difícil entender outras culturas, véndolas como meros desamaños da súa. Asina, por exemplo, se daquéen quer estremar el momento del día nel que s'encontra, sepa que nel occidente d'Asturias sucédense alrededor de vente términos llingüísticos que lo precisan: *rayola, albén, clarén, ameicerín, ameicer, mañá, mediodía, tarde, tardequía, atardecerín, tardía, escurecerín, escurecido, noitiquía, noitía, noite, de noite...*

Poñendo mouro sobre branco, podemos garrar os matices das formas del mundo, como a dos andares da lluz, sin qu'úa Edá Virtual Resplandecente poña solombra núa llingua tan guapa y antiga.



MARÍA TERESA PASARÍN ARNE

Avilés, 1967

SEMPRE NEL RECORDO

Chegou el día xelarento, ruin como un can, da túa ausencia. Hoi tías que cumprir 75 anos, se a morte nun te levara del noso lao antias de tempo. Nun m'avezo a chegar a casa y que xa nun teas aquí. Abro a porta y sinto a frialdá metida entre as pedras d'esta casa veyá de paredes anchas unde naciche, el cheiror a zarrao y a soledá que lo envolve todo. Aterecida, namáis pousar a maleta y as bolsas que traigo, pónome a encender el lume con papel de periódico, piñas y delos garabuyos, buscando el calor que falta na casa. Todas as cousas qu'hai al redor son un recordo de ti. Inda te vexo afanada pola cocía, atizando, puendo os potes al lume, fendo fiyolos, empanadas y tantas outras cousas qu'eu nun sei fer.

Nestos medios, chega María, a nosa vecía, qu'é algo máis veyá que tu y ta perdendo a memoria. Por eso, ás veces, esqueice que xa nun tas y pregúntame por ti. Cuando ye recordo que xa nos deixa-che, pídemelo perdón, amorriñase y, meniando a cabeza, dícame: «Nun ch'hai que ferye, éche así a vida».



CONCHITA ÁLVAREZ LEBREDO

Vigo, Pontevedra, 1970

A PROMESA

Tían fama aquelas festas. Os banquetes que daba na casa debían ser un milagre y él devecía por tar sentao á súa mesa. Ben pensao, él nunca fora a festa ningunha. Levara unha vida tan dura... Sempre escondido, sempre fuxindo. Unha vida dura que lo fixera duro como os penedos entre os que pasaba as noites pra escapar dos guardias del gobernador, ou como el tronco da oliveira furada na que metía el saco coas dúas ou tres galías que gazapara, ou cos bolíos de pan que roubara nel forno al ameicer mentres os cais oulaban y él deixaba un rastro de sudor, de rabia, de fame. Era duro y nun se layaba. Porque el tempo qu'ún perde en queixidos é menos tempo pra discurrir, pra correr, pra comer, pra vivir. Por eso, condo el fiyo, ¡el fiyo en persona!, lo invitóu á casa de sou padre, á festa espléndida pola que todos bababan, nun puido evitar lanxir y berrar, pero non pol dolor terrible qu'atortoraba os sous membros aporondaos naquel madero, senón pola congoxa de que quizáis a promesa se perdesse, como muitas outras, nel aire frío y as solombras d'aquela tarde escura nel Gólgota.



MARISA LÓPEZ DIZ

Xixón, 1970

A PROMESA

Hai cousas qu'examáis se poden esquecer y que quedan pra sempre grabadas na memoria como as marcas nas pedras d'un canteiro.

Nun sabía se vera del este ou del sur, pero trouxera con él os ventos da desgracia. Quitáraye todo lo que tía: as terras y a casa... Deixárala baleira y col corazón como un pozo chen de gafuras. Leváraye todo lo que tía y namáis deixara a desolación y os restos d'un fondo negror nel paisaxe. Cuántas veces lo maldixo y cuántas veces ye preguntóu sin esperar resposta «¿Por qué tuviche que vir? ¿Por qué?».

Sentada al pé da casa seguía pensando nél. Einda s'acordaba d'aquel día nel que chegóu abrasándoye a vida. Aquel día nel qu'arramplóu con todo.

Aquel fumo mouro qu'envolvía el aire, aquel rescamplo d'inesperada calamidá que se vía nos montes, aquelas laparadas vivas, aquela noite de lume, aquel inferno roxando en decembre, aquel incendio d'inverno...

Garróu un puñao de cinza na mao, cuspió a soledá y el dolor que ye queimaban dentro y prometéu levantar aquelas ruinas pra que nada se perdesse nel aire.



ANDREA GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Vilarín, Castropol, 1971

A CASÚA

A casúa é grande, recia, con escudo y gran portón. Nela viviron fidalgos, einda se nota nel aire el eco das conversacióis serias nas que se tomaban decisióis de peso. Pro lo que máis sona son as voces dos nenos y das nenas, as súas risas, as carreiras polos corredores y as escaleiras, os berros, os choros, as pelears, os medos y tamén as alegrías, os xogos, el rixo y a forza dos pequenos.

Tantos nenos pasaron por alí, viviron alí, aprenderon alí... qu'el sou espírito einda dá vida a esta casúa qu'anda sin parar hacía a morte. As herbas y os artos entraron nel patio, nel horto y hasta na mesma casa polos balcóis y as ventás, que viron meyores tempos. As goteiras pasaron pol desván á sala y a os cuartos, hasta chegaron á capiya, baleira y fría agora.

Un día veu él. Anque mudara muito, ela conocéulo, era ún d'elos. Entróu nel despacho, revisóu arquivos, fexo fotos, recorréu toda a casa. A casúa abríu os oyo y aguzóu as oreyas, reparóu na emoción del home y de súpeto salíu del letargo y sentíu esperanza. ¡Einda podía cambiar a historia!



ARTURO ÁLVAREZ FERNÁNDEZ,
TANGUEIRO

As Campas, Castropol, 1973

GUERREIROS DE CHIGRE

A cantuados nel chigre y acoyidos pola noite, os guerreiros medran. Deitan en levantar barricadas, responder a os agresores y asaltar el poder armados d'un sentido común farto de que naide lo escuite. El aire vólvese entoncias más testo, chen de decisióis argutes y proyeutos desabicornados. Esta vez van a por todas. A partir d'este momento esixirán xusticia a os políticos aldromeiros y trabayarán decididos pol ben común da nosa patria. Míranse al espeyo y pensan que s'asomeñan a os grandes héroes del pasado. Si, tamén agora se pode. Son muitos, tein a razón y tán xuntos.

Pro as noites morren.

Y coa maña chega a claridá que sin piedá los amansa. A prioridá volve ser el almuerzo. As ideas permanecen, pro a soledá cobarde sabe alindalas. ¡Probe da terra con guerreiros qu'asoleyados deixan qu'el valor se perda nel aire!



EMMA MÉNDEZ

Cartavio, Cuaña, 1973

RECORDOS NEL AIRE

—**P**ara un momento. Coye aire... ¿Nun che recorda nada este olor? Herba secando, salitre... Mira que llevamos días vindo andar por aquí, pero hasta hoi nun apercibira a pila de cousas que me recorda este aire. Pensa un pouco se el aire trouxese nél as voces y os ruidos que xa pasaron igual que trai os de llonxe. Se, además de ternos el ruido del que pasa noutro sito, nos trouxera tamén el que pasóu noutro tempo y poder sentir outra vez as voces das llabradurías que se fían por aquí, as cancióis y os contos cos qu'os d'antes entretían os llabores, el lladrado d'aquel can que chegóu correndo detrás del burro escapao, as voces d'ánimo qu'aquel paisano tranquilo ye daba al boi col que taba arando, as voces da criolada baxando ás carreiras bañarse ou coyer bígaros... Pero ouguillos de verdá, que tal como foron pódamos sentillos nel aire...

—¡Pena d'úa búa catarrada! —miréila sin acabar de saber qué taba dicíndome—. Coas narices trancadas nun iba ocurrírseche tanta fatada. Y anda, que nun chegamos hoi.



MARÍA ÁNGELES RODRÍGUEZ MONTAÑÉS

Andés, Navia, 1975

LAS PÁXARAS DEL CÉLO

Un sol quente d'agosto fía mesto el aire del castro envolvendo en reflexos asgaya la cámara que tía nas maos. La sombra del monte d'alredor chamaba a ún a voces ya acabéi por meteme nella case sin pensallo.

Úa música de xipridos de canas puía nel aire emocióis d'outro tempo mentres alló embaxo el augua d'un regueiro nun sosegaba correndo allouriada detrás de los artos, tirando de min como fain los imáis colas cousas de ferro.

Al pé del río penséi na xente de fai tanto tempo: el trabayo, los animales, los dioses. Sentín un pouquinín de medo, como se algo d'outro mundo salira d'algún furaco máxico feito de rezos milenarios. Ya neste veume a la cabeza la nosa gata, que faltaba de casa fía xa tempo.

Nun tardéi en volver subir al castro, enzobellando abondo outra vez nel foletto. Ya vinlas a ellas volando fendo guapos nougos nel célo: era un enxame de páxaras, diosas pequenías qu'adoraban los veyos.

Despós funme dándoye voltas por úa carretera sin turistas al hora la xanta ya, condo al chegar a casa abrín la porta del coche, cozcóuseme algo: era ella, la gata. ¡Bendito regalo caéu del célo!



ABEL PÉREZ MÉNDEZ

A Veiga, 1976

EL AIRE DOSTOLOS

«Corvo», bérrabaye a don Vital cada vez qu'iba a un enterro ou cabodano. El aire qu'atanigaba as campás facía presaxar qu'a alma en pena levaríanla dar el *paseo*.

Luces mouras, tremba el tarrén, ábrese a terra camín del inferno. «Son Medo, son duda, son deseo. ¿Son mouro?, ¿son blanco?, ¿son eu? ¿Son broza?, ¿son cotra?, ¿son cinza del braseiro? Son veyo y son ósos sin peleyo».

Na súa lápida puido lerse «Son libre y nun son eu» baxo a terra del sou eiro.



ÁGATA GARCÍA CASTRO

Piñeira, Castropol, 1977

1937

Cinco siyas, media docía de pratos, un puñao de cuyares y un reló. Asina yo espetóu mía bola a bolito condo preguntóu qué demo era aquilo qu'enchía el hasta entoncias baleiro cuarto con coía nel que vivían.

Aquela tarde na qu'el cielo taba máis lonxe qu'a rectoral al hora de tomala por asalto, bolita fexo noso el suizo qu'agora cascabelía as en punto y as medias na nosa sala, y ante el espanto de quen se dicía socialista, argumentóu que coyera todo aquilo porque, como de todos era sabido, el cura xa nun iba darye miga d'uso. Coyínlo porque nos fía falta; porque as muyeres parimos na casa as revolucióis qu'os homes predicades nel chigre; porque eu tamén sei que todo é fecundo na terra, pro hai que dar muitos golpes de gadaño pra qu'espila. Nun te confundas, Antón, nos páxaros qu'anían na túa cabeza vexo eu el guano col qu'abonar el horto. Tou chía de dicirche qu'a política é pra quen vive d'ela.

Enguano, condo toca el reló, encéndese na risa da nosa nena a fruxe de quen en tempos escuros tuvo el coraxe de querer sentir a maxa de sentarse ver pasar el tempo.



CRISTÓBAL RUITIÑA

Cangas del Narcea, 1977

DEVA

A cababa de soltarse da siya. Nada máis eu lo vira. Penséin qu'ún-de andaría el móvil. Tía que terye sacado úa foto. Un vídeo, imposible. Pro úa foto si. Úa foto era posible. Quedara mirando pa min, como se me fora dicir algo. Espurrira el brazo pa min, pro nun soupen interpretar qué quería. Quedéin mirando pa ela como un payolo. E lo qu'ela quería era dar un paso, era soltarse da siya a ver se daba un paso. Ou dous. E deunos. E despóis caéu. Fincóu as rodiyas na manta como se acabara de saltar á lúa, como tantas veces víramos facer a Neil Armstrong. Eu nun sabía qu'iba botar a andar a primeira vez. Se sequera lo chegara a imaxinar, iba ter el móvil listo. Pro eu nun entendía as máis das cousas que facía. Muiito menos el que dicía. ¿Qué me quixo dicir cos sonidos incoherentes que me dedicóu antias de dar aquel paso pioneiro? Teño que pensar que quixo avisarme, que quixo advertirme de que tuvera el móvil preparado. Pro eu nuno tía. Eu nada máis que miraba pa ela, apayolado. Y agora todo eso iba perderse pa sempre. Teño que contaryo rápidamente a alguén, penséin.



ANA VEGA

Uviéu, 1977

A NENA

Nun teño mui claro cómo empezou esta hestoria, se foi antes ou despós de que s'afogase nel río a nena. Sei que condo ma contaron nun podía crer que fora verdá. Era úa nena tan pequena, tan, tan pequena... Condo meu bolo me dixo qu'a nena da casa de Manolo taba morta recordo ter pensao que meu bolo nun taba ben da cabeza. Pro sin embargo era verdá, nun taba mal a cabeza de meu bolo senón el mundo. Manolo vivía porta con porta con meu bolo, conocíamos a nena de sempre, de correr pol camín y andar de noite pol prao xunto al río, sempre xunto al río, pro nun nos parecía úa cousa rara. Era úa nena mui pequena, pro nun tía medo a nada. Dicen os vecíos que nun miraban pra ella naquela casa, pro a nosou-tros nunca nos parecú miga estraño. Condo meu bolo nos dixo qu'a nena taba morta nun podíamos crello. Lo más raro de todo aquel día foi qu'el can que llevaba tamén aparecú afogao al pé d'ella. A cousa empezou despós, condo levaron preso al padre.



LUCÍA IGLESIAS GÓMEZ

Teixeira, Samartín d'Ozcos, 1979

MADERA E FERRO

Levo marra, cuña, cicel, martelo e barrena; un compás.
Levo axola, cuitela, brosa, tarabelo, cuitelo de riscar, dúas gu-
bias. Legras del calcaño, del lado, del pico e d'aplanar; cravos pa fe-
rrar e pa faxar.

Levo follas, eixes, mangos, argolas, troquel e remaches. Serra, li-
mas, escofina. Úa talega.

Levo fouzo, focín, angazo, gadaña, corno e pedra.

Levo roca, cardas, fuso e parafuso. Tiseiras, cazos e garfelas, úa
estrepia, úa tixela, úa romana. El corazón atrapado na cruz da gama-
lleira.

Madera e ferro pésanme nel ánimo e nel lombo mentras subo
polo monte arriba, ta inda escuro y apalpo máis que vexo. Vou en
busca del ameicer, que se presenta d'improviso.

Esperto, abrio os oyo, intento erguerme inda qu'as pernas nun
me responden de primeiras...

Acórdome de ti.

*Á memoria de José Luis d'Alexos (José Luis Díaz Álvarez),
de Ferreirela de Baxo, Santalla.
Gracias por sacarme centos de palabras.*



MONCHO MARTÍNEZ CASTRO

As Figueiras, Castropol, 1979

MAZARICÓN

A Delmiro prestábaye discurrir palabras pra faerye burla á súa neta. Dicíaye *albeitre*, *arizo*, *gorgoleiro*... Dicíaye *melecía* y tamén ye berraba *¡barruzo!* na escuridá d'algún día d'inverno. Y a Sabela faíanse rir como as telergas nel embeligo.

Úa maña de setembre Delmiro nun s'erguéu da cama. Pola noite Sabela sentía as muyeres na cocía falar de tempos d'antias, de vagas de mar y nortadas, y deuye por pensar que sou bolo xa era parte del vento. Nunca topóu a palabra pra chamar el que sentía.



IVÁN IGLESIAS FERNÁNDEZ,
IVÁN DE CAZARÓN

Valdeparees, El Franco, 1980

D'AYER A MAÑÁ

Quixen sempre tar ei. Unde estalla el estadística. Unde vira el punto d'inflexión; a pedra nel aire. Na palabra xorda entre a mía miolleira y el sou ouguido. Na desgana, nel impostura. Unde as cuitas s'escuruxan y confunden cos daños. Nese peteiro d'instantes cimpres, mirando qu'el noso tempo nun apodrecese entre os silencios.

Nun chego a adiviar si a xusticia é más importante qu'el amor. Sí me pinta más presentable qu'a pasión, pro a lo miyor é menos necesaria. Confirmar que nun quería lo qu'eu quixen foi un descubrimiento amolao. Nun estremóu a mía prudencia del ignorancia. Eu namás quería ganarye y poñella a defender el alegría. Eso namás. Y aunque ganéi todas as batallas, igual acabéi perdendo a guerra.

Foi achegándose lo fácil, abenzuándose lo morto, esbanoirándose as nosas complexidades.

Y hoi ando abanguendo el cisco que queda d'aquello. Esmorecido, triste. Arrabiao. Pro chisgándoye, de condo en vez, un oyo al esperanza. Sabendo que pode ser. Mirando convencido de que nun se perda nel aire.



LORENZO MÉNDEZ AVELLO

Navia, 1981

8:33

Arrendóu aquela pequena casa porque tía gana d'empesar úa nova vida. Tía un pequeno patio, unde se sentaba cada mañá a tomar el primeiro café, puntual, sempre ás 8:33 h.

Nun sabía exactamente cómo empezara a reparar naquela moza, pro lo certo é qu'algúa vez s'esqueicera hasta de botar el azucre nel café por medo a nun chegar puntual. Ella iba pasiar cada mañá, a un ritmo que fía ver que taba entrenada. Axenegaba os brazos de xeito mui acompasao, y namáis perdía el ritmo al pasar por delante del patio d'Andrés.

—¿Veis? —soltóuyela un bon día.

—Nun teño chándal —respondéu él.

Al outra mañá, Andrés taba d'estrena. Ella volvéu pasar.

—¿Veis? —perguntóu.

—Nun teño bon calzao —díxoye esta vez.

El xoves ameicéu chovendo. Inda así, Andrés tomóu el café nel patio, calzando úas zapatiyas deportivas rellumantes. Ella volvéu pasar.

—¿Veis?

—Cua que ta cayendo... Nun teño chuvasqueiro.

El venres ameicéu soleyeiro. Andrés puxo el chándal novo, as zapatiyas ben amarradas, y guardóu as chaves da casa nel bolso.

Ella volvéu pasar.



ALBERTO CASTRO GIÓN

Navia, 1983

VIN LO QUE VIN

Vin achegarse pol camín a Don Tollo y Doña Temeridá, zancadas llargas, cara ruía y ocos mouros. Falaban axeitín, nun querían ferse notar, pero ríanse, ríanse moito, nun podían evitallo. Úa pouosa, un xesto, él prendéu, ella asentíu.

Fumo, moito fumo.

Notéi rabia nel castañeiro que xa naide vei atanigar, nos níos de paporrubio y nel teixo que guarda los mortos. Sentín el medo núa fileira de xabatos, nel lobo sin llobeira y na raposa sabicheira.

Cheiror, moito cheiror.

Escutéi lladrar na cancella, choros na cocía y cancióis tristes na fonte, pos inda quedaba moito pa San Xuan. Palpéi maos sin forza que rezan al señor y outras que chaman al barbudo del torbón.

Llume, moito llume.

Pasín a pasín, taba la maldá nas arribadas. Xareo y xuramentos, mangueira p'aquí, caldeiro p'alló, corpos mixiricos y forzudos núa desfeita mortal.

Vin tanta crueldá, tanto medo y tanto noxo a úa nova impunidá, que xa nun quixen ver más. Pechéi los ocos, traguéi aire y púxenme a berrar. ¡Que naide xamás el noso paraíso volva queimar!



MOISÉS CIMA FERNÁNDEZ

Uviéu, 1983

HOLOCAUSTO

Fía bon día el día que comenzóu el holocausto final. Fía sol, as familias alegres y felices, roxas dos oyo azules, guapos todos, salían ás cayes a pasiar el can y fer un *pic-nic*. Era un bon día, el día del holocausto final. Ún d'esos días nos qu'a xente morre de tedio porque de daqué hai que morrer. Aquel día os amos del país falaron pra ellos mesmos na llingua dos naide pra dicir el qu'a naide importaba. Melia sachaba as patacas llonxe d'aquella xente y sentíu un mareo. Sentóu un bocadín núa pedra y zarróu os oyo. Llonxe como taba, víu a aquella xente que na capital falaba del qu'a naide importaba.

Fía bon día el día que comenzóu el holocausto final. Melia erguéuse del sito y chegou al pé del cabazo. Úa rata horrenda miróu pra ella. Deuye coa eixada. Volvéu aquel mareo y caéu súbitamente al tarrén. Al zarrar os oyo víu cómo morría un home núa tribuna. Os periódicos da mañá falaban da súbita morte d'aquel amo del país.



MIGUEL RODRÍGUEZ MONTEAVARO

Bual, 1990

EGO DIXI

Y eu, tranquilo, fun enumerándoye a aquel pirata que me tivera preso había us minutos todas as cousas que nun me gustaran da súa casa. Primeiro díxenyte que me daban igual el sou loro, el sou pano da cabeza y os sous bombachos de rayas moradas y color beige, cousa que xa nun ye parecéu nada ben. Despóis seguí dicíndoye que nun me fía miga de gracia que se comportara como se fora el *súmmum* da maldá mundial y qu'había xente muito máis terrible qu'os piratas, inda máis se contamos con qu'este mesmo nunca cruzara el Cabo de Hoorn nin el de Búa Esperanza y os sous aros parecían de mentira. Pra rematar díxenyte, ben alto, case botando mafaya pola boca, qu'eu y os meus íbamos ir por él y pola súa tropa de frente, sin miracióis, sin esperar a que tuveran espertos ou durmindo. Nese momento entendémonos. Quitamos os dous os nosos chalecos y trempamos as espadas: «Nun hai que puerse asina, ho», dixo él compracente, «eu namáis desiaba puerte nervioso: nós namáis queremos roubar, contallo y rir, nada novo. Somos trapos veyos, pro con capacidá prá ficción». «Ta ben, compañeiro», respondín, «pro nun t'esqueizas del que dixen».



ANDRÉS RODRÍGUEZ MONTEAVARO


Bual, 1991

SEMPITERNO

Sempre acababan a hostias na porta del Géminis. Dábayes igual con quén, por qué, cómo. El caso era qu'al final da noite os corpos recibisen a súa ración de maos abertas, pechadas, directas á cara. Se se complicaba, tiraban de pincho, como ascéticos cilicios apretando as pernas dos pecadores que tein medo al medo eterno del inferno dos pensamentos impuros. Corrían detrás dos qu'escapaban, como cais de caza qu'intentan atrapar as súas presas feridas seguindo el olor del sangre y del medo. Y sempre los atopaban.

Sempre acababan a hostias na porta del Géminis, enchendo el cargador del revólver y quitando solo úa bala pra xugar a úa estraña ruleta rusa unde solo ún podía quedar vivo. Y el sangre recorría os corpos, mentres a cera de mil cirios mouros cubría todas as cicatrices y erosionaba todos os recordos traumáticos d'un tempo que sempre miyoraba al presente.

Sempre acababan a hostias y tu, ríndote, aplaudías y azuzabas, mentres ellos, espidos y desfeitos, desfilaban chorando hacia as súas casas sabendo qu'al outro día volverían tar allí: desafiando a vida na porta del Géminis.



ALEJANDRO FERNÁNDEZ GARCÍA,
JANDRO DE QUEITANO

El Franco, 1993

SINCRONICIDÁ

Dende que te conozo teño en conta a morte. Però el sentimento nun se parece á común tristeza, nin esqueice el amor á terra y a beleza das cousas que pasan. Soi consciente da mía presenza nel mundo, del paso del tempo, das veces que puiden tocar a vida, das que sentín el peso da túa guapura, en proporcións euclídeas, nas mías maos. Entonces, sei qu'os ángulos que dibuxa el tou corpo redimen dos males, qu'el amor y a felicidad de todos y todas son abondo pra xustificarse ante a vida. Agora soño col momento perfecto del abrazo, coa lluz que vén condo escuitamos as cousas pequenas, penso nel presente y espero un tempo nel que nun haxa límites nin fronteiras.

Pode qu'a felicidad viva nas veiras del mundo, qu'a esencia dos días y el peso del paraíso teña espeyao nos tous oyo. Sei qu'é verdá, esistes, y eso é abondo credo pra cualquier ateo —como eu—.



CHRISTIAN LANZA

Andés, Navia, 1995

NÓMADAS


—**I**nda vei quedar bon hoi.
—Mialma se fora el última vez que cho oigo.

Núa torba d'emocióis foi caendo á veira d'aquella solombra qu'asomeñaba a un río de terra con augua.

—Vou parar; tou morrendo de sede.

—Anda, neno, xa é menos a xeira que nos queda. As andolías d'ei enriba tán indo pr'alló, con nós.

Despóis da discusión, deron sete pasos al norte. El último, ún d'ellos deulo máis forte qu'os demais. Ei quedóu toda ilusión; todo agoiro de mañá. El último que s'ouguíu foi el primeiro que tían por sabido. *Bang. Bang.*



ÍNDIZ

QUE NUN SE PERDA NEL AIRE, Genaro Alonso Megido [<i>Conseheiro d'Educación y Cultura</i>].	7
Alejandro Antúñez Vázquez SOÑANDO EL SOL NEL ESCURECIDO DE LA NOITE	11
José María Bedia DIVERSIÓIS D'ANTES	13
Luisa Méndez Fernández ILUSIÓN ASGAYA	15
Félix Ferreiro PRÓRROGA	17
Alfredo Álvarez de Ponticella A PROPOSTA.	19
Aurora García Rivas O ECO DO REGO DA PENA	21
Manuel Calvin Corredoira A ÚLTIMA MISA	23
María Teresa López García EL FIN.	25

José Manuel Gayol Suárez, <i>Babel de Cal Cadete</i> TODO QUEDA NEL AUGUA	27
Benxamín Méndez BRAMIDOS	29
Rafael Cascudo Noceda ESCONDITE	31
Belén Rico Prieto A SAYA DEL PAN	33
Teresa Fernández Martínez, <i>Tere de Cachafol</i> LUITAS	35
José Manuel Martínez Castro EN ACORDANZA DE RITA	37
María José Fraga Suárez ÚA VOZ SOLA	39
Aurora Bermúdez Nava HISTORIA REPETIDA	41
Xosé Miguel Suárez Fernández PAXARÍA DAS BERZAS	43
José Antonio Álvarez Castrillón, <i>Selo Guzmán</i> A XELADA	45
Alfredo González Fernández, <i>Fredo de Carbexe</i> TÉRMINOS LLINGÜÍSTICOS	47

María Teresa Pasarín Arne SEMPRE NEL RECORDO	49
Conchita Álvarez Lebreo A PROMESA	51
Marisa López Diz A PROMESA	53
Andrea González González A CASÚA	55
Arturo Álvarez Fernández, <i>Tangueiro</i> GUERREIROS DE CHIGRE	57
Emma Méndez RECORDOS NEL AIRE	59
María Ángeles Rodríguez Montañés LAS PÁXARAS DEL CÉLO	61
Abel Pérez Méndez EL AIRE DOSTOLOS	63
Ágata García Castro 1937	65
Cristóbal Ruitiña DEVA	67
Ana Vega A NENA	69

Lucía Iglesias Gómez	
MADERA E FERRO	71
Moncho Martínez Castro	
MAZARICÓN	73
Iván Iglesias Fernández, <i>Iván de Cazarón</i>	
D'AYER A MAÑÁ	75
Lorenzo Méndez Avello	
8:33	77
Alberto Castro Gión	
VIN LO QUE VIN	79
Moisés Cima Fernández	
HOLOCAUSTO	81
Miguel Rodríguez Monteavaro	
EGO DIXI	83
Andrés Rodríguez Monteavaro	
SEMPITERNO	85
Alejandro Fernández García, <i>Jandro de Queitano</i>	
SINCRONICIDÁ	87
Christian Lanza	
NÓMADAS	89



GOBERNO DEL PRINCIPAO D'ASTURIAS

